



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
SAXAMONDE
16 DE DECEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos 2014

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaseis de decembro de dous mil catorce, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Olga Rodríguez Puga

BNG.- Xoan Carlos González Campo

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

Ana Belén Mariño Alfonso

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra

Félix Vila Alonso

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

Rosa Freaza Lago

María Luz Viñas Otero

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Ricardo Martínez Fernández

Victoria Otero Otero

Guadalupe Martínez Crespo

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOIA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos 2014

O Presidente pregunta se hai algunha dúbida da documentación que se enviou para a xuntanza de hoxe.

Félix Vila Alonso pregunta canto se leva gastado este ano dos orzamentos participativos.



O Presidente informa que aínda non se gastou nada e que todavía están os 13.500 euros.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez pregunta se vai dar tempo a realizar todas as obras e como se van facer.

O Presidente resposta que cre que si e que para a obra do alumeado fixo unha memoria o perito do Concello e para a obra de saneamento fixo outra o arquitecto técnico.

Olga Rodríguez Puga pregunta porque non se fixo antes a xuntanza do Consello Parroquial, xa que hai orzamentos de setembro, como por exemplo a da marquesiña que aínda está sen colocar, e a memoria da obra de saneamento é de mediados de novembro.

O Presidente informa que faltaba a memoria da obra do alumeado e que lla deron o día que se enviou por correo electrónico, xa que primeiramente se fixera unha que se trouxo ao Consello, cuxo importe era moi superior á cantidade disponible dos orzamentos participativos, polo que houbo que voltar a facela para un tramo moito máis pequeno. Os orzamentos participativos están en todas as parroquias e os técnicos están saturados. En relación coa marquesiña, este orzamento vai dentro dun lote para outras parroquias, pero a base xa a fixeron os operarios do Concello e vai estar colocada en breve. Tamén se xestionan deste xeito todas as demais compras dos participativos, é dicir, xúntanse todos os orzamentos con todas as peticións das parroquias e se xestionan en intervención.

Olga Rodríguez Puga di que ven sendo habitual botarlle as culpas do retraso de todo ao interventor municipal. Así o panel informativo acordouse de poñelo a través dos participativos para que fose máis rápido e aínda foi máis lento.

Félix Vila Alonso pregunta se no orzamento do saneamento do camiño Besada está incluída a man de obra. O Presidente resposta que si porque a obra a vai facer unha empresa externa.

Félix Vila Alonso pregunta se se vai a colocar a marquesiña do camiño Romano. O Presidente resposta que si que xa fixeron a base os operarios do Concello.

Félix Vila Alonso pregunta se se vai poñer o punto de luz na escola vella. O Presidente di que si e que se vai colocar en breve, así como a construción dun acceso cunha rampa para persoas con mobilidade reducida.

Félix Vila Alonso pregunta pola varanda do camiño Romano. O Presidente informa que como sobaban cartos incluíu a varanda así como o panel.



CONCELLO DE REDONDELA

Félix Vila Alonso pregunta polo alumeado de Padrón e do camiño Romano ata onde chega e cal é o prezo. O Presidente di que vai ata o cruce e que o prezo é o que figura na memoria do perito engadíndolle o IVE.

Olga Rodríguez Puga pregunta se a obra a van a facer os operarios do Concello e se non hai máis orzamentos. Cando foi o orzamento da obra completa había unha empresa que o facía máis barato que a cantidade fixada polo técnico do Concello na súa memoria. Se se tivera máis tempo se podería tratar de atopar unha empresa que o fixera máis barato e poder destinar os cartos que se aforraran noutro investimento para a parroquia como por exemplo a colocación dun espello.

O Presidente di que o espello xa o vai a poñer o Concello.

Manuel José Moldes Senra di que debería haber máis orzamentos. O Presidente di que había máis orzamentos, e que este tramo vaise realizar en base aos que había, pero un tramo menor.

Félix Vila Alonso di que sobran uns 300 euros e se poderían investir nalgunha outra necesidade da parroquia. Asemade informa que as/os representantes das entidades veciñais do consello parroquial tiveron unha xuntanza previa e acordaron solicitar un compromiso sobre a realización das obras dos participativos dentro deste ano.

O Presidente di que cre que si vai dar tempo.

Félix Vila Alonso propón que para facer as previsións dos participativos co suficiente tempo se cambie o cronograma das xuntanzas. Deste xeito as xuntanzas ordinarias realizaríanse en febreiro, maio, setembro e novembro. A proposta queda aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xoan Carlos González Campo di que a realización dos consellos parroquiais non debe estar condicionada polo destino dos orzamentos participativos, que os consellos non son só para tratar o destino deses cartos. Esta situación estase a ocorrer porque o equipo de goberno creou os consellos parroquiais por decretazo en lugar de que fora o movemento asociativo o que promovese a súa creación.

Félix Vila Alonso pregunta polo saneamento dos Valos. O Presidente informa que se están desenvolvendo tres proxectos, incluíndo un na zona que limita coa parroquia de Quintela e outro na zona do Souto.

Manuel José Moldes Senra pregunta se os proxectos os está facendo o Concello. O Presidente resposta que é unha empresa externa.

Manuel José Moldes Senra pregunta se os técnicos da empresa se reuniron coa veciñanza. O Presidente informa que viñeron varias veces.



Manuel José Moldes Senra di non lle parece ben que se reuniran só con algúns particulares non coa veciñanza en xeral.

Rosa Freaza Otero pregunta se van a tardar moito os proxectos. O Presidente di que ao ser tres levan máis tempo.

Olga Rodríguez Puga di que na parroquia de Saxamonde non se fai nada e tampouco se realizan os traballos que se piden a través do Consello.

O Presidente informa que leva ten un documento no que reflicte as obras que están realizadas, as que están en trámite e as que están pendentes. Que se teñen en conta todas as peticións do Consello Parroquial, así como todas as demais. Deste xeito recentemente asfaltouse o camiño da Meca.

Félix Vila Alonso propón que cando se inicien traballos na parroquia de Saxamonde se informe ás/aos membros do Consello Parroquial. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Félix Vila Alonso pregunta se o wifi de Saxamonde non funciona porque non está de alta ou porque ten algunha avería. O Presidente di que o comunicará á concellería correspondente.

Félix Vila Alonso di que hai un malestar xeral na parroquia porque cando se limpan os camiños se deixa toda a maleza sen recoller e volve a atuír as arquetas e as cunetas.

O Presidente informa que hai lugares onde hai que levar o tractor e deixan alí a maleza amontonada para recollela despois.

Félix Vila Alonso di que non se recolle e provoca aínda máis problemas que antes de cortar. Asemade hai parroquias onde non ocorre isto, porque en canto se corta se recolle e non é así en Saxamonde.

Félix Vila Alonso pregunta pola sinalización do paso de peóns na Estrada dos Valos. O Presidente informa que xa se enviou á Deputación.

Manuel José Moldes Senra pregunta como se pode solicitar un espello para o camiño do Castelo. O Presidente informa que calquera pode solicitalo por escrito, despois se pasa á Policía Local para que emita o correspondente informe. Se éste é favorable se pode colocar.

Félix Vila Alonso pregunta polo estado da Fonte de San Román. O Presidente informa que se vai limpar, adecentar as pedras e podar os plataneiros.

Ana Belén Mariño Alfonso di que as pedras da fonte están moi mal.



CONCELLO DE REDONDELA

Xoan Carlos González Campo di que habería que sinalizar a entrada ao centro cultural.

Félix Vila Alonso pregunta polo material para facer os lomos. O Presidente di que se pode encargar.

Óscar Manuel Corugeira Rodríguez di que habería que pedir sinais para os lomos. O Presidente di que habería que encargalas.

Ana Belén Mariño Alfonso pregunta polos contedores de reciclaxe para o centro cultural, porque non se poden facer as xornadas cos nenos.

O Presidente informa que xa están pedidos. Olga Rodríguez Puga pide que se repita o aviso.

Xoan Carlos González Campo di que a Fonte do Preto, que no seu momento arranxara o Concello, está a monte. O Presidente informa que se vai a mirar porque non bota auga e se van meter dous tubos.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.